# PAGO DE TAXAS ONLINE - INSTRUCIÓNS

Para o pago telemático hai que acceder [a esta ligazón ]e seguir estas instrucións:

1. Seleccionamos “Oficina Virtual TRIBUTARIA”




2. Na páxina seguinte, escollemos “Cidadáns”




3. Despois, escollemos “INICIAR TAXA”



4. E, das tres opcións que nos dá, escollemos o **cadeado aberto**




5. Sairanos esta pantalla na que temos que escoller "INICIAR TAXA"




6. E aparecerá este formulario que hai que cubrir cos datos correspondentes. Os prezos a aboar por cada persoa teñen que ser consultados nesta táboa. Os códigos para cubrir o formulario figuran na seguinte imaxe:


**Códigos**

Taxa*

350800 - ESCOLAS OFICIAIS DE IDIOMAS.

Consellería*

07 - EDUCACIÓN, CIENCIA, UNIVERSIDADES E FORMACIÓN PROFESIONAL

Servizo*

03 - ENSINO MEDIO

Delegación*

10 - A CORUÑA

**Obxecto de pago**

Obxecto ou motivo do pago (máximo 290 caracteres)*

TAXAS MATRÍCULA EOI




Se tes algunha exención ou dereito a desconto deberalo **acreditar documentalmente**

7. Por último, completamos os nosos datos persoais no formulario







Non é obrigatorio incluír o noso correo electrónico nos datos persoais, pero é recomendable porque, se o facemos, poderemos recibir no correo ao final do proceso o xustificante de pago (o impreso 730, que é o que temos que subir á nosa matrícula).

Recibiremos tamén un xustificante co número de operación na Atriga, o que é moi útil para recuperar a taxa no caso de que exista algún problema, como que nos caduque a sesión.

8. Para rematar, podemos optar por imprimir e pagar presencialmente no banco (“descargar modelo presencial”), ou podemos tamén facer o “pago telemático” (online)




Se escollemos pago telemático, poderemos facelo con tarxeta ou con BIZUM




9. No portal de pago escollemos unha das dúas cousas. **É importante comprobar o importe**.



11. Despois de completar o pagamento, hai que descargar o xustificante (modelo 730), premendo no cadro marcado en vermello no diagrama seguinte:




Entón, xerarase un PDF coma o seguinte, que será o que haxa que achegar co resto de documentación á matrícula.



Axencia Tributaria de Galicia

XUSTIFICANTE DE PAGO DE TAXAS, PREZOS, MULTAS E SANCIÓNS DA COMUNIDADE AUTÓNOMA DE GALICIA

Nº Operación | Nº Taxa | **730**

**Obrigado ó pago ou suxeito pasivo**

NIF | Nome ou Razón Social

Enderezo

**Representante**

NIF | Nome ou Razón Social

Enderezo

**Códigos**

| | |
|---|---|
| Consellería<br>Educación, Ciencia, Universidades e Formación Profesional | 07 |
| Delegación<br>A Coruña | 10 |
| Servizo<br>Ensino Medio | 03 |
| Taxa<br>Escolas Oficiais de Idiomas. | 350800 |

**Datos do pago**

NTERESADO

Ademais, se consignamos ben o correo electrónico e prememos en “copia do recibo de pagamento”, recibiremos no noso correo electrónico unha copia do xustificante de pago.